PROXECTO SUBVENCIONADO Deputación Pontevedra

Concello de Covelo www.concellodecovelo.es

FORMULARIO DE INSCRICIÓN EXP. 41/2026

PROGRAMA XUVENTUDE A MÁIS 2026 · CONCELLO DE COVELO

Cursos presenciais en Covelo · Sala Multiusos - Dirixidos á mocidade de 16 a 35 anos.

DATOS PERSOAIS

Nome: _____

Apelidos: _____

NIF: _____ Idade: _____

Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

Está empadroado/a no Concello de Covelo? ☐ SI ☐ NON

OBRADOIROS NOS QUE SOLICITAS INSCRICIÓN

Podes inscribirte nun, en dous ou nos tres obradoiros. Marca todas as opcións que correspondan:

☐ **1. SAÚDE MENTAL E AUTOCOIDADOS**

Desenvolve as ferramentas prácticas necesarias para o teu benestar emocional. Traballa a xestión do estrés, mellora a autoestima e introduce rutinas de autocoidado para manter un equilibrio emocional no teu día a día.

Material que proporciona a empresa: material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.

Material que debe levar o alumnado: esteira, de ser necesaria.

☐ **2. CURSO DE DJ**

Iníciate no mundo da produción e na mestura musical. Aprende a manexar software e hardware de DJ, domina as técnicas de beatmatching e mesturas e prepárate para a sesión perfecta.

Material que proporciona a empresa: hardware de DJ (controladores MIDI de DJ, polo menos un por cada tres participantes), auriculares de DJ, sistema de son e altofalantes, material didáctico e demais recursos necesarios.

Material que debe levar o alumnado: ordenador portátil e disco duro externo ou memoria USB para gardar as mesturas e recursos musicais.

☐ **3. EDICIÓN DE VÍDEO E FOTOGRAFÍA**

Domina as ferramentas de edición de imaxe e vídeo para darlles un toque profesional ás túas creacións. Aprende técnicas de retoque fotográfico (Photoshop ou programas similares) e as claves da montaxe audiovisual para crear contidos profesionais.

Material que proporciona a empresa: material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.

Material que debe levar o alumnado: ordenador portátil con rato externo, auriculares e disco duro externo ou memoria USB.

INFORMACIÓN IMPORTANTE

- Os cursos desenvolveranse presencialmente na Sala Multiusos de Covelo. As datas e os horarios están pendentes de concretar; teranse en conta as preferencias indicadas no apartado de observacións.
- Cada obradoiro terá unha duración de 20 horas e un custo de 5 € por persoa e curso, que se aboará directamente á empresa formadora.
- As prazas son limitadas: mínimo de 8 persoas e máximo de 15 por obradoiro. Terán prioridade as mozas e os mozos empadroados/as en Covelo. Se quedan prazas dispoñibles, poderán participar persoas doutros concellos.
- Para obter o diploma de aproveitamento/participación, non se poderá superar o 20 % de faltas de asistencia. Nun obradoiro de 20 horas, isto supón un máximo de 4 horas de ausencia.

OBSERVACIÓNS: PREFERENCIAS DE DÍAS E HORARIOS

Indica que días da semana e franxa horaria prefires para a realización dos cursos (mañá, tarde, fin de semana, etc.). Estas preferencias serán trasladadas ás empresas formadoras, pero non supoñen unha confirmación das datas.

_____

Data: ____ / ____ / _____ **Sinatura:** _____